

**CONVENIO MARCO ENTRE A XUNTA  
DE GALICIA E SPI-GALICIA, S.A.**

**(Aprobado polo Consello da Xunta o  
9 de febreiro de 2012)**



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA  
DILIXENCIA.- Para facer constar que a presente  
fotocopia foi compulsada co seu orixinal concordando  
felmente.

Santiago, 19 FEB. 2012



O FUNCIONARIO,

Asdo.. Esther Cobo Edo

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO  
CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta na súa reunión do día nove de febreiro de dous mil  
doce adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:


Aprobar o novo Convenio Marco regulador das relacións entre a Xunta de  
Galicia e a Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia,  
S.A.), que se acompaña como anexo.

Facúltase ó Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para  
asinar en nome e representación da Xunta de Galicia, o Convenio Marco sinalado  
no apartado anterior.

E para que conste, asina a presente co visto e prace do Sr. Presidente, en Santiago  
de Compostela a nove de febreiro de dous mil doce.

Vº. e Prace:

O PRESIDENTE



## **CONVENIO MARCO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS DE GALICIA (SPI - Galicia, S.A.)**

En Santiago de Compostela, a 10 de febreiro de 2012

Dunha parte, o Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas que actúa en nome e representación do Goberno da Xunta de Galicia, expresamente facultado para celebrar este acto polo acordo do Consello de data 9 de febreiro de 2012, e doutra parte, Dona Ethel María Vázquez Mourelle, Presidenta da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., domiciliada en Praza de Europa 10A, 5ª planta Edificio Area Central. Polígono de Fontiñas, inscrita no Rexistro Mercantil da Coruña, tomo 1.896 folio 62 da folla nº C-17.823, inscrición 1ª, e co NIF A 15595275, expresamente facultada a tal efecto polo acordo do Consello de Administración da Sociedade do 31 de xaneiro de 2011.

Recoñécense capacidade legal necesaria, na representación coa que actúan, para o outorgamento do presente Convenio.

### **ANTECEDENTES**

I.- A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A (SPI - Galicia, S.A.) constitúese o día 31 de marzo de 1997, despois de acordada a súa creación polo Decreto 56/1997, do 6 de marzo, ó amparo da disposición adicional décimo segunda da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997.

II.- O obxecto da Sociedade é proxectar, construír, conservar e explotar, por ela mesma, por terceiras persoas ou en calidade de concesionaria, actuando por encargo do Consello da Xunta, en nome propio ou por conta e mandato da Xunta de Galicia, segundo os termos dos encargos e os mandatos de actuacións, toda clase de infraestruturas que a Xunta promova ou participe, e tamén os servicios que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestruturas. A súa actividade comprende tamén, previa autorización do Consello da Xunta, a promoción e execución de actividades urbanísticas e inmobiliarias, adquisición e enaxenación de toda clase de bens inmoables, xestión e realización das obras e dotación de servicios e a súa posible explotación.

A sociedade tamén ten por obxecto a realización daquelas actividades de conservación e explotación do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense que se lle establezan regulamentariamente.

Forman parte do obxecto social as actividades dirixidas á explotación das áreas de servizo, centros de transporte e aparcadoiros e calquera outra actividade directa ou indirectamente relacionada coa súa conservación e explotación, sempre que se encontren dentro da área de influencia do treito Alto de Santo Domingo-A52 (AG-53 e AG-54) da autoestrada Santiago de Compostela-Ourense, así como as actividades que sexan complementarias da construción, conservación e explotación deste.

Todas estas actividades poderán desenvolverse total ou parcialmente mediante a participación de dita sociedade pública, suxeita sempre á Lei do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia ou calquera outra disposición que sexa aplicable polo seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica en sociedades de obxecto idéntico ou análogo.

Nas súas actuacións haberá de respetar os principios de publicidade e concorrencia propios da contratación administrativa.

III.- O capital social de SPI - Galicia, S.A. está suscrito integramente pola Xunta de Galicia, e a súa actuación rexerese polo que dispoñan os seus Estatutos e o que en relación a este tipo de sociedades establecen:

- Real Decreto Lexislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Sociedades de Capital.
- Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
- A normativa patrimonial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia
- A disposición adicional décimo segunda da Lei 11/1996 de 30 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O presente Convenio Marco aprobado polo Consello da Xunta a proposta da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e que define o marco global de relacións entre ambas partes.
- O Plan Económico-Financeiro (P.E.F.), que haberá de aprobarse para cada exercicio.
- O Manual de Procedemento Interno da Sociedade aprobado polo Consello de Administración.
- As demais disposicións que resulten aplicables pola súa condición de Sociedade Pública e especialmente o que se establezca polas distintas Leis de Presupostos especificamente ou con carácter xeral para tódalas sociedades públicas.

IV.- O Convenio Marco, ademais de se-lo instrumento necesario para cumprir cos requisitos esixidos no artigo 86 do texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia, ten como finalidade articula-las bases na regulación das relacións entre a Xunta de

Galicia e a sociedade pública que permitan concretar nos correspondentes Convenios Específicos, as pautas que deban seguirse na execución dos encargos que SPI - Galicia, S.A. leve a cabo como mandataria das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, así como as facultades de seguimento e control das mesmas na execución dos mandatos de actuación e da Consellería de Facenda en canto ás consecuencias económicas e patrimoniais da súa actuación.

V.- De conformidade con estes antecedentes, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión de 9 de febreiro de 2012 e o Consello de Administración de SPI - Galicia, S.A., na súa reunión do 31 de xaneiro de 2012, aprobaron o presente Convenio, que debe rexir as relacións entre ambas as dúas partes, integrado polas seguintes:



## **BASES**

### **PRIMEIRA.- OBXECTIVOS DE SPI GALICIA, S.A. E NATUREZA DA SÚA ACTIVIDADE.**

#### **1.- Obxectivos.**

- As distintas consellerías e entes públicos, có fin de desenrolar unha adecuada política en materia de investimentos públicos, poden precisar de mecanismos financeiros alternativos, como elemento básico para a dinamización económica e social de Galicia e sen perder de vista en ningún momento o necesario equilibrio económico-financeiro ó que debe de estar sometida a súa xestión pública.

- Axusta-la súa xestión ós principios de eficacia, eficiencia e economía. A Sociedade concíbese como unha estrutura organizativa e de control que, dotada dos mecanismos operativos propios da iniciativa empresarial, responda ós mandatos ou encargos que lle encomenden as Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia coa máxima celeridade, calidade e co mínimo custo posible e axustándose ás previsións establecidas no Plan Económico-Financeiro aprobado. Colocará a súa débeda nas mellores condicións financeiras favorables á Comunidade Autónoma e salvagardará, en todo momento, as garantías necesarias para unha adecuada defensa dos intereses públicos afectados.

#### **2.- Natureza da actividade**

A relación entre as Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e SPI Galicia, S.A., como consecuencia dos encargos de obra que se lle encomenden, é a dun mandato no que a Sociedade actúa en nome e por conta das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou por conta propia, según os términos do encargo, debéndose establecer deste modo nos contratos que SPI GALICIA, S.A. formalice con terceiros

para a proxección, construción, conservación ou explotación de toda clase de infraestructuras que se promovan ou nas que se participe pola Xunta de Galicia, así como nos servizos que se poidan instalar ou desenvolver en ditas infraestructuras.

No marco desta relación ás Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, en canto propietarias e promotoras das obras e instalacións, lles corresponde:

- Aprobar e supervisar os proxectos, aprobar os pregos tipos de cláusulas xerais e de prescricións técnicas para a contratacións das obras e elaboración dos proxectos.
- Aprobar os pregos de bases particulares que rexirán cada procedemento de contratación.
- Realizar a recepción das obras e instalacións, entendéndose que a entrega das mesmas se realiza directamente polo contratista ás Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Aprobar a liquidación definitiva da obra.

A SPI, en canto mandatario das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma nos termos establecidos no presente convenio e nos contratos que se celebren, correspóndelle:

- Realizar os trámites tendentes á licitación e adxudicación dos contratos.
- Controlar que a execución do contratista se adecue ó pactado e os pregos de cláusulas prescricións aprobados.



- Asumir as funcións de dirección facultativa das obras, cando éstas non sexan asumidas pola figura do inspector designada polo órgano encargante. Para que isto último poida suceder a Consellería ou ente público da Comunidade Autónoma deberá facer unha solicitude na que deberá xustificar o motivo da súa petición e que será resolta pola Presidencia de SPI Galicia.
- Aboar as certificacións de obras.
- Aboar a liquidación final das obras debidamente aprobada polas Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

### **3.- Patrimonio e contabilidade**

Por outra banda, como sexa que a actividade de SPI Galicia, S.A. diríxese ó desenvolvemento e explotación de infraestructuras públicas conceptuadas como de dominio público, aquelas non poden ingresar no patrimonio da sociedade. A súa estrutura patrimonial deberá ter en conta, pois, esta circunstancia, reflexando nas súas contas de activo, a débeda que se estea adquirindo pola Xunta de Galicia como consecuencia dos encargos que realice á Sociedade Pública e que se corresponderán co custo total dos proxectos e actuacións correspondentes a ditos encargos mais o custo total da súa financiación. Do mesmo modo, contabilizará no pasivo as aportacións que reciba da Comunidade Autónoma para atender ó importe da débeda mencionada.

### **4.- Outras actividades**

SPI Galicia, S.A. tamén poderá realizar outros mandatos de actuación relacionados cos obxectivos da política de desenvolvemento das infraestructuras de Galicia e coa súa explotación, directamente ou mediante a participación noutras empresas, por encargo das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

## SEGUNDA.- RELACIÓN DE SPI GALICIA, S.A. CON TERCEIROS

A relación de SPI Galicia, S.A. con terceiros queda suxeita ás normas de dereito privado, sen perxucio do que se dispón na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. As persoas que presten servizo na mesma deben someterse ás normas civís, mercantís ou laborais que, según a súa función, lles correspondan.

## TERCEIRA.- OBRIGACIÓNS FORMAIS

### 1.- Programa:

De acordo cos requisitos esixidos para as programacións das sociedades públicas no artigo 83 do texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia, SPI - Galicia, S.A. debe elaborar antes do 15 de maio de cada ano un programa de actuación, investimentos e financiación acompañado dunha memoria explicativa do contido do programa e das modificacións introducidas na programación plurianual en relación cos que se encontren en vigor que terá polo menos o seguinte contido:

- a) Estado no que se recollan os investimentos reais e financeiros que se prevean dentro dun marco plurianual.
- b) Estado no que, para o mesmo período, se conteñan as súas fontes de financiación, con especificación das aportacións de calquera clase que se prevea recibir da Comunidade Autónoma, dos seus Organismos Autónomos e das súas Sociedades Públicas.
- c) Exposición dos obxectivos a alcanzar en dito período plurianual e das características básicas da súa actividade económica.
- d) Memoria da avaliación económica dos investimentos programados durante o período.

## **2.- Presupostos**

SPI - Galicia, S.A. elaborará anualmente, para o anteproxecto de Lei de Presupostos Xerais, un presuposto de explotación que detallará o contido da súa conta de explotación e un presuposto de capital no que se especificarán as orixes e a aplicación dos seus fondos que terán polo menos o seguinte contido:

- a) Unha memoria xustificativa do seu contido con indicación de obxectivos.
- b) A liquidación dos do exercicio anterior e un avance de liquidación dos do exercicio corrente.
- c) O balance pechado do exercicio anterior, o avance do exercicio corrente e o provisional do exercicio ó que ditos presupostos correspondan.

## **3.- Contabilidade:**

SPI - Galicia, S.A. axustará a contabilidade financeira ás disposicións do Código de Comercio, ás que se dicten no seu desenvolvemento e ó Plan Xeral de Contabilidade vixente para as empresas españolas.

Remitiralle trimestralmente á Consellería de Facenda un estado da súa situación financeira, con especial referencia os datos relativos as condicións económico financeiras das obras contratadas e o seu impacto en relación o PEF vixente.

Así mesmo elaborará unha contabilidade presupostaria que liquidará e conciliará coa súa conta de explotación. Ademais, levará un sistema de contabilidade analítica por obras, como portadoras de custo, o que permitirá obter unha conta de explotación para cada unha das obras que leve a término.

#### **4.- Control financeiro permanente e ordinario:**

O control financeiro realizarase de acordo co previsto no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia e sen perxucio das auditorías que deba efectuar SPI - Galicia, S.A. na aplicación do artigo 263 do Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Sociedades de Capital ou dos informes e auditorías que poidan acordarse polo Consello de Administración da Sociedade.

#### **CUARTA.- PROCEDIMIENTO INTERNO**

O Consello de Administración aprobará o Manual de Procedemento Interno que regulará, entre outros, os seguintes aspectos:

a) Procedemento interno propiamente dito

- Pregos de bases tipo
- Contrato tipo de obras
- Contrato tipo para a asistencia técnica á redacción de proxectos
- Contrato tipo de dirección de obras.
- Contrato tipo complementario ou modificado
- Contrato tipo de impacto ambiental
- Contrato tipo para o control de calidade

b) Normativa de avais

c) Normativa de contratación

d) Normativa de recepción de obras

e) Normativa circuito de autorizacións

f) Normativa interna de certificacións



## QUINTA.- PLAN ECONÓMICO-FINANCIERO

1.- O Plan Económico-Financeiro (PEF) establécese como instrumento básico da regulamentación das relacións específicas derivadas dos encargos das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia a SPI - Galicia, S.A., ademais de se-lo instrumento necesario para cumprir cos requisitos esixidos, para as programacións anuais das sociedades públicas, no artigo 83 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia.

2.- O PEF conterá tódolos mandatos de actuación das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, formalizados mediante Convenios e os seus correspondentes PEF específicos sectoriais.

Conterá tamén as previsións de mandatos de actuación que ó longo do exercicio se consideren susceptibles de formalizar a través dos correspondentes Convenios e PEF específicos sectoriais.

Os PEF poderán incorporar unha autorización para incluír, ó longo do exercicio, novos mandatos de actuación non previstos inicialmente, debendo determinarse, en todo caso, o nivel máximo de actividade e o número máximo de compromisos plurianuais que poidan adquirilas Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia nese exercicio.

3.- Os PEF específicos deberán contemplar tódalas consecuencias económicas e financeiras dos mandatos de actuación a SPI - Galicia, S.A., diferenciando os PEF formalizados dos PEF previsionais.

Contemplan especificamente os seguintes extremos:

.- Previsión do custo actualizado das obras.

- .- Previsión do custo de financiación das obras.
- .- Previsión de pagos das obras e da súa financiación.
- .- Previsión de ingresos pola prestación de servicios.
- .- Previsión de operacións de endebedamento.
- .- Previsión do custo de financiación xeral e a súa amortización.
- .- Previsión de tesourería.

4.- No PEF determinaranse as contrapartidas económicas a cargo das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia e as autorizacións das operacións de endebedamento que sexan necesarias para afrontar o custo das certificacións de obra e outras obrigacións económicas derivadas dos mandatos de actuación efectuados.

5.- O proxecto de PEF, previamente informado favorablemente por toda as Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia respecto ás implicacións económicas e financeiras dos seus respectivos encargos, será aprobado polo Consello de Administración de SPI - Galicia, S.A. e remitido formalmente, antes do 15 de maio, ó Conselleiro/a de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a súa elevación ó Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva.

6.- O acordo do Consello da Xunta aprobatorio do PEF de SPI - Galicia, S.A. incluirá, se procede, a aprobación dos seguintes extremos:

- O propio PEF

- Os compromisos plurianuais de dotacións que as Consellerías e Organismos Autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia han de consignar no Capítulo VI e as Sociedades Públicas no presuposto de capital, no Proxecto de Presuposto de cada exercicio. Ditos compromisos terán a consideración de gastos específicos nos presupostos de tesorería correspondentes, e surtirán os efectos de autorización do Consello da Xunta de Galicia respecto ó

establecido polo artigo 58 da Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia.

- O importe dos avais, sobre as operacións de endeudamento previstos no Plan Económico-Financeiro que deben incluírse no Proxecto de Presuposto de cada exercicio.

7.- SPI - Galicia, S.A. poderá concerta-las operacións de endebedamento que sexan necesarias para atende-las necesidades de tesourería, de acordo cas previsións económicas e financeiras do Plan Económico-Financeiro aprobado polo Consello da Xunta.

## **SEXTA.- ENCARGOS DE OBRAS**

### **1.- Encargos de obras**

Os encargos de obras que as Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia acorden conferir a SPI - Galicia, S.A. formalizaranse nun Convenio Específico e o seu Plan Económico-Financeiro correspondente nos que deberán establecerse como mínimo os seguintes requisitos:

- Alcance do encargo
- Previsión de custo
- Previsión do prazo de execución, no seu caso
- Previsión das anualidades presupuestarias mediante as cales se financiará o encargo.
- De ser o caso, a petición da asunción das labores de dirección facultativa dos traballos por parte do órgano encargante, así como a disposición do persoal técnico cualificado no caso de ser necesario para a elaboración dos informes técnicos nos procedementos de adxudicación.

## **2.- Procedemento expropiatorio**

As Consellerías poderán encomendar a SPI - Galicia, S.A. a xestión do procedemento expropiatorio correspondente, establecendo a tal efecto as determinacións que resulten oportunas.

## **3.- Obras adicionais.**

As Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán encargar a SPI - Galicia, S.A. a execución de obras complementarias ou modificados cos mesmos requisitos do encargo da obra principal.

Se o PEF aprobado e vixente contempla a execución desas obras adicionais, SPI - Galicia, S.A. poderá proceder a súa execución, mediante a aprobación do correspondente proxecto complementario por parte do órgano xestor e dentro dos términos establecidos no Plan Económico Financeiro.

Se o PEF aprobado e vixente non contempla a execución desas obras adicionais, pero esta execución ten cabida dentro da autorización contida no PEF vixente, de novos encargos de obra non definidos inicialmente, poderá procederse a súa execución mediante a formalización dun PEF complementario específico sectorial.

## **4.- Elaboración de proxectos**

As Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, dentro de seu Convenio e PEF específico, poderán encomendar a SPI - Galicia, S.A. a elaboración de proxectos, mediante as contrapartidas presupuestarias correspondentes.

Se o PEF sectorial aprobado e vixente non contempla o encargo do oportuno proxecto, pero ten cabida dentro da autorización do PEF vixente, de novos mandatos de actuación non



definidos inicialmente, poderá procederse a súa elaboración mediante a formalización dun PEF específico para ditas encomendas.

A dirección facultativa dos traballos poderá ser asumida pola figura do inspector designado polo órgano encargante para o control e seguimento da actuación; para que esto ocorra, deberá facer unha solicitude na que deberá xustificar o motivo da súa petición e que será resolta pola Presidencia de SPI Galicia

#### **5.- Supervisión e aprobación de proxectos**

As Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia supervisarán e aprobarán, dentro das súas competencias, os proxectos elaborados ou contratados por SPI - Galicia, S.A.

SPI - Galicia, S.A. realizará a súa propia supervisión dos proxectos correspondentes ós encargos de obra antes de incluí-lo encargo no correspondente PEF específico.

#### **6.- Encargos de proxecto e obra**

As Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia poderán encomendar a SPI - Galicia, S.A. a licitación conxunta de proxecto e obra. A sociedade, antes de formaliza-la contratación, someterá a encomenda de proxecto e o encargo de obra ós mesmos requisitos establecidos para ambos.

#### **7.- Pregos de Cláusulas Xerais e de Prescripci3ns T3cnicas.**

As Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia aprobarán os Pregos de Cláusulas Xerais e Prescripci3ns T3cnicas para a contratación de obras e elaboración de proxectos. Ditos Pregos deberán adaptarse ás peculiaridades de funcionamento de SPI -

Galicia, S.A., e incluíranse nos correspondentes Convenios específicos. A súa concreción realizarase no oportuno documento de aprobación do proxecto ou encomenda de proxecto.

O Consello de Administración da Sociedade aprobará inicialmente os pregos de base particulares que rexirá cada procedemento de contratación e os remitirá ás Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para a súa aprobación definitiva.

### **8.- Contratos.**

Con carácter xeral, agás nos supostos en que actuase en nome e por conta propia, nos contratos que suscriba SPI - Galicia, S.A. cos diferentes adxudicatarios deberán figurar cláusulas de contido igual ou análogo a estas:

- “SPI - Galicia, S.A. é unha sociedade constituída, previa creación polo Decreto 56/1997 de 6 de marzo, mediante escritura autorizada con data 31 de marzo de 1997 polo Notario do Ilustre Colexio de Galicia, D. Manuel-Julio Reigada Montoto, e ríxese pola Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido de la Lei de Sociedades de Capital., a Lei 3/1985, de 12 de abril, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e o seu Regulamento aprobado polo Decreto 50/1989 de 9 de marzo, Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Presupostario de Galicia e calquera outra disposición que sexa de aplicación”.

- “De acordo co seu obxecto social, SPI - Galicia, S.A. actúa por conta das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia na redacción de proxectos, construción, conservación e explotación de infraestruturas públicas de todo tipo e os servizos que poidan instalarse ou desenvolverse nelas, en relación ás infraestruturas que a Xunta de Galicia promova.

- “A (Consellería ou Ente Público) da Comunidade Autónoma de Galicia en Convenio Específico de XXXXXXXXXXXX, encargou a SPI - Galicia, S.A. a execución do proxecto XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX”.

- “O contrato queda suxeito á lexislación civil, mercantil e procesal española. Sen perxucio disto, nas materias relativas á contratación e execución de proxectos e obras, tomaranse en consideración, sempre que a súa aplicación sexa posible, en todo o que non quede regulado na referida lexislación civil e mercantil nin no presente contrato, as normas que rixen para a contratación das Administracións Públicas”.

- “Para resolver calquer discrepancia que puidese xurdir na interpretación ou execución do presente contrato, e sen perxucio da súa cláusula arbitral, ámbalas dúas partes sométense á xurisdicción e competencia dos Xulgados e Tribunais da cidade de Santiago de Compostela, renunciando a calquer outro fuero que puidese corresponderlles”.

- “De acordo co carácter co que a SPI - Galicia, S.A. actúa, en cumprimento dos mandatos das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma, corresponde a estes últimos a recepción das obras, sendo ás mesmas á quen se lle realiza a entrega e quen adquire orixinariamente as obras”.

- “As facturas correspondentes a contratos de obras e servizos desenvolvidos por conta da Xunta de Galicia serán dirixidas a Xunta de Galicia, NIF S-1511001-H, xestionadas pola Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., na súa condición de mandataria”

Para salvagardar o interese público incluíranse cláusulas para garanti-lo estricto cumprimento dos contratos, especialmente no relativo á correcta execución das obras nas calidades, prazos e prezos establecidos.

## **9.- Comprobación do replanteo das obras**

Antes da licitación, SPI - Galicia, S.A procederá á comprobación do replanteo da obra sobre o terreo, contemplando cantos supostos figuren no proxecto, así como a dispoñibilidade dos mesmos, levantando a acta correspondente.

## **10.- Licitación.**

SPI - Galicia, S.A. programará as licitacións en función das actuacións administrativas pendentes de realización por parte das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, que informarán a SPI - Galicia, S.A. do estado das mesmas.

As licitacións estarán sometidas ós principios de publicidade e concurrencia propios da contratación administrativa e poderán licitarse por calquera dos procedementos previstos na lexislación vixente, de acordo co Manual de Procedemento Interno aprobado polo Consello de Administración da Sociedade.

As licitacións estarán abertas a tódalas empresas que cumpran as condicións para licitar. SPI - Galicia, S.A. facilitará a todo-los interesados nelas o Prego de Cláusulas Particulares da Licitación, así como a documentación técnica, económica e contractual necesarias para poder presentar unha oferta.

## **11.- Adxudicación**

As adxudicacións realizaraas o Consello de Administración despois da proposta da Mesa de Contratación composta polos membros designados polo Consello de Administración de SPI - Galicia, S.A. e que estará presidida en todo caso por un representante da Consellería mandante,

A proposta da Mesa constará dos seguintes documentos:

- Informe técnico valorando as propostas presentadas
- Plan Económico-Financeiro de cada unha das propostas
- Recomendación razoada.

O informe técnico será elaborado pola persoa que posúa a cualificación apropiada e que reúna as características e aptitudes máis axeitadas ó obxecto do contrato, ben sexa a través dun terceiro, técnico cualificado do órgano encomendante, ou persoal propio da sociedade.

### **12.- Plurianualidades e avais**

As Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co PEF aprobado polo Consello da Xunta, incluirán as anualidades de dotacións a favor de SPI - Galicia, S.A. nos anteproxectos de presupostos da Comunidade Autónoma a consignar, según o caso, no Capítulo VI, "Inversións reais" ou no presuposto de Capital. Do mesmo modo incluírase no citado texto legislativo o importe das autorizacións de aval correspondentes.

O disposto no anterior apartado enténdese, en todo caso, sen perxuicio das aportacións que SPI - Galicia, S.A. poda recibir doutros suxeitos públicos ou privados, en virtude, no seu caso, do cumprimento dos correspondentes Plans Económico-Financeiros previstos nos Convenios correspondentes.

### **13.- Contabilidade**

En cumprimento do PEF, SPI - Galicia, S.A., abrirá unha conta no seu activo (nunha partida de obras en curso) para cada unha das obras encargadas pola Xunta de Galicia.

En ditas contas cargará o importe correspondente á execución das obras e no seu caso, o incremento por revisión de precios, obras complementarias e modificados da principal, expropiacións e o custo do proxecto así como a súa financiación e o IVE. Como custos

financeiros de ditas obras, computarase o custo das operacións de endebedamento que de acordo co PEF, se contraten para financiar os encargos recibidos. Para a súa aplicación ás diversas obras calcularase mensualmente a porcentaxe existente entre as certificacións expedidas máis os xuros imputados anteriormente ás mesmas e a suma total de certificacións e xuros de todas as obras. Dita porcentaxe aplicarase sobre os gastos financeiros devengados neste mes, obtendo desta forma a carga financeira correspondente a cada obra.

A suma das devanditas contas constituirá a débeda da Comunidade Autónoma fronte a SPI - Galicia, S.A. como consecuencia dos encargos.

De forma complementaria ó disposto nos apartados anteriores, SPI - Galicia, S.A. contabilizará no seu pasivo as aportacións que de acordo co PEF, reciba da Comunidade Autónoma para atender o importe da débeda xerada. O pago destas aportacións farase efectivo trimestralmente de acordo coa oportuna petición razoada de SPI - Galicia, S.A.

As devanditas aportacións terán a consideración de adianto a conta da liquidación das débedas que se xeneren a favor de SPI - Galicia, S.A. como consecuencia dos encargos que reciba da Comunidade Autónoma.

#### **14.- Dirección e control de obras.**

Cando a dirección das obras non sexa asumida polo órgano encargado a través da figura do inspector de obras para o control e seguimento dos traballos encomendados, o persoal facultativo propio de SPI - Galicia, S.A., que para cada contrato designe a Presidencia da sociedade, dirixirá as obras e controlará que as mesmas se executen con estrita suxeición ó contrato e ó PEF. Para que a dirección de obra sexa asumida polo órgano encargado a Consellería ou ente público da Comunidade Autónoma deberá facer unha solicitude na que deberá xustificar o motivo da súa petición e que será resalta pola Presidencia de SPI Galicia. A dirección e control das obras poderán contratarse directamente con terceiros, sempre que os

traballos se realicen baixo a dirección da Sociedade, a través de persoal propio debidamente cualificado.

### **15.- Contratos de servizos accesorios ó desenvolvemento das obras**

Os contratos de servizos accesorios ás obras que se considere necesario subscribir para a correcta execución das obras encargadas, rexeranse no relativo á licitación, adxudicación e dirección e control polas mesmas prescrición recollidas para os contratos de obras nos puntos 10, 11 e 14 respectivamente desta Base Sexta "Encargos de Obra".

### **SÉPTIMA.- RECEPCIÓN DAS OBRAS**

Unha vez levada a cabo a execución dunha obra e tralo cumprimento dos trámites contractuais entre SPI-Galicia, S.A. e o contratista, a Consellería ou Ente Público que encargou a obra procederá á recepción da mesma.

#### **1.- Inspección previa**

Con carácter previo á recepción da obra terá lugar unha inspección previa. A Dita inspección asistirá un representante da Consellería ou Ente Público que encargou a obra, un representante de SPI-Galicia, S.A. e un representante do contratista.

Levantarase unha acta da inspección previa a recepción das obras, na que se farán constar tódalas circunstancias que se consideren oportunas en relación cos correspondentes proxectos e modificacións aprobadas.

## **2.- Recepción**

Con posterioridade á inspección previa, e de acordo co seu resultado, procederase, no seu caso, á recepción da obra. A tales efectos redactarase unha acta que será suscrita polo representante da Consellería ou Ente Público que encargou a obra, o representante da Intervención si asiste, o representante de SPI-Galicia, S.A. e o representante do contratista.

Deberá notificarse coa debida antelación á Intervención Xeral, a data da recepción da obra para posibilita-la súa asistencia, se ésta o considera oportuno.

## **3.- Liquidación e revisión de prezos**

Con posterioridade á recepción das obras procederase a establece-la liquidación das mesmas. A tales efectos, SPI - Galicia, S.A., deberá prepara-la seguinte documentación:

- Estado das medicións da obra e a súa comparación cos proxectos ou modificados aprobados.

- Valoración do custo da obra, de acordo coa documentación contractual.

- Valoración do custo da revisión de prezos da execución da obra, de acordo coa documentación contractual.

Cos documentos anteriormente indicados SPI-Galicia, S.A. elevará á Consellería ou Ente Público que encargou a obra a proposta de liquidación para a súa aprobación definitiva coa fiscalización da intervención correspondente se procede.

Cos documentos anteriores, SPI-Galicia, S.A. deberá levar a cabo unha determinación completa do custo das obras na data da súa liquidación, engadindo ós custos anteriormente



detallados, o custo, se procede, dos proxectos correspondentes e dos gastos financeiros imputables á obra. Aqueles gastos financeiros que non sexan atribuíbles directamente a unha obra completa, imputaranse ás obras aplicando un criterio de proporcionalidade.

#### **4.- Explotación**

A partires da recepción e sen perxuicio das actuacións que poidan quedar pendentes por parte do contratista e de SPI - Galicia, S.A., de conformidade coa acta de recepción, a Consellería ou Ente Público correspondente encargárase da explotación da obra e dos seus correspondentes gastos.

#### **5.- Contabilidade**

Como consecuencia da recepción das obras e a liquidación destas, SPI - Galicia, S.A. trasladará a referencia contable da obra recibida e liquidada dende a partida de "Obras en curso" a outra de "Obras rematadas", todas elas dentro do activo.

Resultado delo, no activo de SPI - Galicia, S.A., a débeda das Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, causada polas obras encargadas clasificarase na partida de "Obras en curso" ou de "Obras rematadas", según proceda.

O importe das obras xa recibidas irase incrementando cos custos que poidan quedar e coa imputación periódica e proporcional dos gastos financeiros nos que SPI - Galicia, S.A. concurra, ata o momento no que as Consellerías e entes públicos abonen o importe total e completo do custo da obra.

O 31 de decembro de cada ano, coincidindo co peche do exercicio, SPI - Galicia, S.A., aplicará o importe das aportacións recibidas das Consellerías e entes públicos, e contabilizadas no seu pasivo, a cancelar parcialmente a súa débeda por "Obras rematadas" de acordo co seguinte

criterio para cada unha das Consellerías: estos retornos destinaranse a menor importe das obras recibidas e liquidadas, en función da data da primeira certificación de obra e do maior importe de obra executada

De acordo coas Consellerías e entes públicos correspondentes, e tendo en conta a evolución das obras rematadas, poderá aplicarse a unha obra concreta unha cantidade residual determinada das aportacións.

Finalmente emitirase un informe sobre o nivel de axuste da execución da obra ás previsións establecidas nos PEF correspondentes, que deberá ser aprobado polo Consello de Administración da Sociedade e a Consellería ou Ente Público que encargou a obra.

#### **6.- Prazo de garantía**

Durante o prazo de garantía, que será dun ano natural dende a recepción, SPI - Galicia, S.A. responsabilizarase de que o contratista execute toda clase de correccións e reparacións necesarias para que a obra cumpla totalmente as condicións do proxecto e da súa execución. A Consellería ou Ente Público afectada farase cargo das correccións e reparacións da obra que excedan do deber de conservación do contratista.

#### **OITAVA.- SEGURO DE OBRAS**

Os contratistas deberán asegurar a execución das obras encargadas a SPI - Galicia, S.A.", sendo beneficiarios a Consellería ou Ente Público que encargou a obra, ou SPI - Galicia, S.A., según a quen corresponda a reparación ou resarcimento dos danos. As garantías e cantidades aseguradas cubrirán o valor de adjudicación da obra durante o seu prazo de execución.

Os riscos cubertos incluírán o seguro de bens e o seguro de responsabilidade civil extracontractual.

SPI - Galicia, S.A. deberá controlar e aproba-las características dos seguros que cubren as obras para que as coberturas queden debidamente garantidas.

#### **NOVENA.- ENCARGOS DE EXPLOTACIÓN**

As Consellerías e entes públicos, mediante o acordo correspondente, poderán encomendar a SPI - Galicia, S.A. a explotación, por si mesma ou a través de terceiras persoas, das obras públicas e/ou os servicios que poidan instalarse nelas en relación cos investimentos que promovan. Nestes casos, a Sociedade actuará por conta dos mandantes, ou en nome e por conta propia, según os termos do acordo.

As normas xerais polas que deberá rexirse a explotación axustaranse, se procede, ó Prego de Condicións Xerais que aprobarán as Consellerías e entes públicos no seu caso.

#### **.- Contabilidade:**

Os ingresos que correspondan ás Consellerías e entes públicos, derivados da explotación de infraestructuras serán ingresados por SPI - Galicia, S.A. en concepto de "aportacións a conta" e por encargos destas e deberán concretarse e especificarse o seu tratamento e aplicación no PEF correspondente.

#### **DÉCIMA.- CONTA DE EXPLOTACIÓN DE SPI GALICIA, S.A.**

En relación cos encargos de obras, SPI Galicia, S.A. computará como ingreso propio unha porcentaxe máxima do 6% do importe do custo completo da obra excluído o custo de financiación e o IVE, correspondente ós traballos facultativos de dirección de obra, control de

calidade e comprobación do replanteo e liquidación. A cantidade correspondente será facturada ó contratista adxudicatario das obras no mesmo momento de emiti-las certificacións.

En canto ós encargos de explotación de infraestructuras, as normas xerais que aprobe o Centro Directivo correspondente fixarán o ingreso propio que corresponda a SPI-Galicia, S.A. en cada caso, como consecuencia da súa xestión.

Contra estes ingresos, SPI - Galicia, S.A. deberá aplica-lo total dos seus custos de funcionamento, incluíndo tódolos que sexan necesarios para levar a bo termo a xestión dos encargos.

#### **UNDÉCIMA.- O CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN**

1.- O Consello de Administración. aprobará o Manual de Procedemento Interno da Sociedade.

2.- O Consello de Administración aprobará os Pregos de Bases particulares que deban rexi-la contratación das obras e/ou a prestación de servicios que se encomenden sen perxuízo da aprobación polo mandante, cando sexa preceptivo.

3.- O Consello de Administración aprobará o inicio da licitación dunha obra ou servicio determinado.

4.- O Consello de Administración designará a composición da Mesa de Contratación que considere oportuno entre persoas cualificadas para as respectivas funcións, que estará en todo caso presidida por un representante da Consellería. Organismo Autónomo e Sociedade pública correspondente.

**DUODÉCIMA.- SEGUIMIENTO E CONTROL DAS CONSELLERÍAS E ENTES PÚBLICOS QUE TEÑAN ASINADOS CONVENIOS ESPECÍFICOS VIXENTES COA SOCIEDADE.**

**1.- Supervisión e aprobación de proxectos.**

Os proxectos de obras de infraestructuras que, en cumprimento dos encargos, sexan elaborados por SPI - Galicia, S.A., xa sexa directamente ou a través de terceiros, así como tamén os proxectos de modificados e complementarios, deberán ser supervisados e aprobados polas Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes, dentro das súas competencias.

**2.- Pregos de Cláusulas Xerais e de Prescripcíons Técnicas.**

As Consellerías e entes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia aprobarán Pregos de Cláusulas Xerais e Prescripcíons Técnicas para a contratación de obras e elaboración de proxectos. Ditos Pregos deberán adaptarse ás peculiaridades de funcionamento de SPI - Galicia, S.A., e incluíranse nos correspondentes Convenios específicos. A súa concreción realizarase no oportuno documento de aprobación do proxecto ou encomenda de proxecto respectivamente.

**3.- Comprobación do replanteo das obras.**

Á comprobación do replanteo asistirá o representante da Consellería. Organismo Autónomo ou Sociedade Pública que encargou a obra.

**4.- Adxudicación.**

As adxudicacións requirirán informe técnico elaborado pola persoa que posúa a cualificación apropiada e que reúna as características e aptitudes máis axeitadas ó obxecto do

contrato, ben sexa a través dun terceiro, técnico cualificado do órgano encomendante, ou persoal propio da sociedade.

#### **5.- Control de obras.**

As Consellerías e entes públicos correspondentes designarán á persoa encargada do seguimento e control permanente dos encargos que SPI - Galicia, S.A. desenvolva. Esta persoa terá acceso a toda a información relacionada cos encargos mencionados.

Así mesmo, o inspector poderá asumir a dirección facultativa das obras. Para que isto ocorra a Consellería ou ente público da Comunidade Autónoma deberá facer unha solicitude na que deberá xustificar o motivo da súa petición e que será resolta pola Presidencia de SPI Galicia

#### **6.- Información.**

SPI - Galicia, S.A. informará ás Consellerías e entes públicos correspondentes das datas previstas para o inicio de cada obra e, semestralmente ou cada vez que lle sexa solicitado, comunicarlle o volume das certificacións emitidas polas obras en curso de execución. A Sociedade atenderá calquera solicitude de información, relacionada co desenvolvemento das obras ou a prestación dos servizos encomendados que reciba.

#### **7.- Recepción.**

As Consellerías e entes públicos correspondentes, designarán ás persoas que deban intervir na recepción das obras e instalacións e que deban aproba-las oportunas liquidacións económicas das mesmas.

Á inspección previa á recepción asistirá un representante da Consellería ou Ente Público que encargou a obra, un representante de SPI-Galicia, S.A. e un representante do contratista.

Unha vez levada a cabo a execución dunha obra e cumpridos os trámites contractuais entre SPI - Galicia, S.A. e o contratista, a Consellería ou Ente Público que encargou a obra procederá á recepción desta.


### **8.- Liquidación.**

Corresponde á Consellería ou Ente Público que encargou a obra, aproba-la liquidación definitiva das mesmas, coa fiscalización da intervención correspondente se procede.

### **DECIMOTERCEIRA.- VIXENCIA**

O presente Convenio entra en vigor a partir da data da súa sinatura e substitue a tódolos efectos ó Convenio asinado entre a Xunta de Galicia e SPI-Galicia, S.A. o vintedous de xuño de dous mil once.

O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas



Asdo: Agustín Hernández Fernández de Rojas

A Presidenta de SPI Galicia, S.A.



Asdo: Ethel María Vázquez Mourelle